



Deputación
DA CORUÑA

Boletín de Medioambiente

Nº 365

26/11/2025



A **contorna da Torre de Hércules**, declarada Espazo Natural de Interese Local, é unha extensión de terreo de **47 hectáreas** percorrida por carreiros, ideais para as **camiñadas** que nos permitirán gozar da paisaxe e da súa diversidade biolóxica, achegarnos ás pequenas calas e sorprendernos ante os cantís bañados polo Atlántico.

A impresionante paisaxe que arrodea á **Torre de Hércules** ten **sete hábitats de interese comunitario** catalogados segundo a seguinte **denominación**: bancos de area cubertos permanentemente por augas pouco profundas, arrecifes, vexetación anual sobre refugallos mariños acumulados, vexetación perenne de bancos de callaos, cantís con vexetación das costas atlánticas e bálticas e breixos secos europeos.

Noticias

Oleiros recicla os restos de poda e convérteos en acolchado natural para parques e xardíns

O Concello de Oleiros implantou un sistema de **aproveitamento integral dos restos de poda** e tallá de arboledo xerados durante 2025 en xardíns e viais de **xestión municipal**. Para iso utiliza un camión que integra guindastre e triturador, preparado para tratar grandes masas de madeira, co que tritura directamente todo o material acumulado. A madeira resultante emprégase como **cobertura natural** que se estende sobre **macizos e alcorques**, nos que se sitúan árbores e arbustos ornamentais. Esta capa vexetal impide a proliferación das chamadas 'malas herbas', axuda a manter a humidade do terreo no verán, simplifica os labores de mantemento e ofrece unha imaxe máis coidada das plantacións públicas.

Máis Info

A Coruña construírá un parque infantil único en Galicia na praza de Portugal

O Concello da Coruña aprobou un investimento de 1,4 millóns de euros para crear un **novo parque infantil na praza de Portugal**, no barrio de Riazor. A iniciativa, enmarcada dentro do Plan de Parques Infantís 2025-2030, ten como **obxectivo** transformar por completo a actual zona de xogos, que actualmente só pode acoller a 11 usuarios, nun espazo de 800 metros cadrados con capacidade para 150 nenos e nenás. O proxecto, inclúe unha **estrutura ondulante** de 55 metros de lonxitude que funcionará como un circuito de xogos e obstáculos, ademais de randeiras adaptadas para menores con mobilidade reducida. Así mesmo, instalarase un novo espazo deportivo de **calistenia**, promovendo a actividade física ao aire libre entre todas as idades.

Máis Info

España conta con 55 especies de aves máis que hai sete anos

Para a organización, saber cantas especies de aves hai nun determinado territorio **é un indicador de biodiversidade do mesmo**. Determinar exactamente cando unha especie pasa a formar parte do catálogo, e pode xestionarse como especie establecida, non é sinxelo e require dunha análise pormenorizada.

Nalgúns casos, corresponden a **especies raras que chegan ocasionalmente a España** traídas por fenómenos climatolóxicos extremos, como furacáns, ondas de frío ou mesmo de calor africanas. Noutros casos, trátase de especies asilvestradas en países europeos que, asociadas por exemplo a patos invernantes, chegan ao país de forma crecente. **A análise de todos estes aspectos e a súa catalogación**, conforman a lista das aves de España. Desde a publicación das dúas últimas edicións, o panorama taxonómico e sistemático está inmerso nun **estadio case continuo de propostas de cambios**, provocados polos avances científicos na materia.

Máis Info

Novo perigo á vista: aumenta a mortalidade de árbores causada por insectos en toda Europa

A mortalidade de árbores provocada por insectos está a aumentar de forma alarmante en Europa. O incremento non é uniforme: as coníferas sofren cada vez máis o embate de escaravellos barrenadores, mentres que as frondosas experimentan unha redución nos danos causados por orugas e outros defoliadores. **As rexións máis cálidas e secas son as máis afectadas, o que sinala ao cambio climático como factor crave nesta crise silenciosa**.

Os datos, procedentes de axencias forestais nacionais, mostran unha **tendencia clara e diverxente**. Por unha banda, os **insectos barrenadores**, como o temido escaravello *Ips typographus*, incrementaron o seu impacto de forma sostida, especialmente sobre coníferas. Por outro, a defoliación causada por couzas e bolboretas diminuíu no mesmo período...

Máis Info

A árbore máis antiga da Coruña aspira ao título de Árbore do Ano nun certame estatal

A Coruña aspira a converterse en referente nacional no certame 'Árbore e Bosque do Ano en España 2026' coa candidatura dun exemplar único: un **Metrosidero excelsa** Gaertn, situado na contorna da Policía Local, en Monte Alto, que **conta con máis de 200 anos de historia e está considerado o exemplar máis antigo da cidade**.

A iniciativa, promovida pola **ONG Bosques Sen Fronteiras**, recoñece árbores singulares non só pola súa beleza ou tamaño, senón polas historias e vínculos humanos que representan. A Coruña participa **cunha árbore que combina valor natural, singularidade e un relato histórico** que esperta interese internacional.

O metrosidero coruñés **impresiona polas súas dimensións**: 20 metros de altura, un perímetro de 8 metros no tronco e unha copa de 30 metros de diámetro. Desde hai anos, **forma parte do Catálogo Galego de Árbores Singulares** (código 63A) e destaca tanto pola súa antigüidade como pola súa excepcional presenza no espazo urbano.

Máis Info

Sabías que...

A **felicidade** é un concepto subxectivo, pero hai quen trata de cuantificala mediante diferentes métricas. Este é o obxectivo do **Spain Happy Index**, desenvolvido pola empresa Sonneil Homes. Segundo este índice, o concello de **Bergondo**, na Coruña, é o máis feliz de Galicia, cunha puntuación de **82,94**, seguido da cidade da Coruña e Oleiros.

Máis Info

Mestura informativa

RECEITA ECOLÓXICA: Ensalada de garavanzos e cabaza

Ingredientes: 750 gr de cabaza pelada e cortada en cubos de 1,5 cm aprox., 1 dente de allo machucado, 1/2 cullerada pequena de pementa de Xamaica (é fácil atopala en tendas especializadas en liña), 2 culleradas de aceite de oliva, sal e pementa negro de muíño, 400 gr de garavanzos previamente cocidos (e postos a noite anterior a remollo), 1/2 cebola vermella pequena picada fina, 4 culleradas de coandro picado, un puñado de grans de granada, 1 dente de allo, 3,5 culleradas de zume de limón, 3 culleradas de tahini, 2 culleradas de auga.

Prequentar o forno a 180 °C e meter os cubos de cabaza, untados lixeiramente con aceite, un pouco de sal e pementa de muíño. Mentres se asa a cabaza, facer o aderezo, mesturando o tahini co allo machucado. **O ideal** é esmagar o allo e agregarlle un chisco de sal. Incorporar lentamente o zume de limón e o aceite. E finalmente alixeirar con auga ata que a crema alcance a consistencia desexada batendo ben.

Máis Info

Como comemos os galegos? Dieta equilibrada, pero con menos froita e peixe

Galicia mantense entre as comunidades cunha dieta máis equilibrada, segundo o estudo “Como comemos? Análise do consumo de alimentos e bebidas desde unha perspectiva nutricional”, elaborado pola Fundación EROSKI. O informe analiza o gasto e o consumo de alimentos e bebidas a partir dos datos do Panel de Consumo do Ministerio de Agricultura, Pesca e Alimentación (MAPA) entre 2022 e 2024.

O estudo revela que ningunha comunidade autónoma alcanza os niveis ideais de consumo nos catro grupos de alimentos recomendados —froitos e hortalizas, legumes, froitos secos e peixe—, aínda que **Galicia presenta un patrón alimentario equilibrado e por encima da media estatal**.

Máis Info

O custo ambiental oculto do desperdicio de froitas e hortalizas en España

Entre 2018 e 2024, España **refugou máis de 480.000 toneladas de froitas e hortalizas** antes de chegar aos circuitos comerciais. Segundo os datos do informe do Consello Superior de Investigacións Científicas (CSIC), o **desperdicio de froitas e hortalizas** durante este período supuxo unha **pegada hídrica de case 36 hectómetros cúbicos**, o equivalente a máis de 14.000 piscinas olímpicas, e **unha pegada de carbono de 36.694 toneladas de CO₂**. Nun país onde o 67% do territorio atópase en zonas áridas ou semiáridas, e onde a tensión hídrica afecta a boa parte do sueste peninsular, estas cifras adquiren unha dimensión alarmante.

Máis Info

Como matan as orcas ás quenllas brancas? É moi desagradable

Quen gañaría nunha pelexa entre unha orca e unha quenlla branca? A resposta é que depende, porque as orcas fan trampa: atacan en cuadrilla...

Máis Info

Descobren nunha cova unha tea de araña xigante de 106 metros cadrados con 110.000 arañas

Unha cova que se atopa na fronteira entre Albania e Grecia foi o escenario dun impresionante descubrimento que demostra as singulares condicións de vida que poden ocultarse baixo terra. No máis recóndito da Sulfur Cave, un equipo de científicos achou unha **inmensa tea de araña de 106 metros cadrados de extensión e que alberga nada menos que 110.000 arañas**, correspondentes a dúas especies que, á súa vez, desvelaron algunhas sorpresas. Segundo o artigo publicado polos investigadores na revista *Subterranean Biology*, **non só é a tea de araña máis grande xamais observada, senón que tamén é un ecosistema subterráneo realmente complexo**.

Máis Info

Boas Prácticas

A Deputación mobiliza 800.000 euros para impulsar o sector pesqueiro e marisqueiro da provincia en 2026

A Deputación da Coruña publicou no Boletín Oficial da Provincia **dúas novas liñas de axudas** por 800.000 euros co obxectivo de **reforzar o sector pesqueiro e marisqueiro** da provincia. **As subvencións diríxense** a confrarías de pescadores, as súas federacións provinciais e agrupacións de mariscadoras e mariscadores.

A **primeira**, dotada con 650.000 euros, inclúe **dúas modalidades**. Unha (**500.000 euros**) permitirá financiar a modernización e o mellor desenvolvemento das actividades propias mediante o alugueiro de maquinaria e equipos, a contratación de persoal (incluída a vixilancia marisqueira) e a adquisición de sementes de moluscos. A outra (**150.000 euros**) destinarase á organización de festas e accións de promoción dos produtos do mar, cubrindo gastos de difusión, alugueiros, servizos e seguros.

A **segunda liña**, con **150.000 euros**, está orientada a investimentos e melloras de infraestruturas en confrarías e agrupacións: desde a actualización do equipamento técnico-sanitario en lonxas e oficinas ata a implantación de novas técnicas produtivas, a adquisición de vehículos vinculados á actividade ou obras de acondicionamento en locais.

[Máis Info](#)

Arteixo ten a 'chave' para aforrar un 15% na taxa de lixos de 2026

O Concello de Arteixo inicia esta semana unha **campaña** de mellora da **recollida da fracción de orgánico** que posibilitará aos veciños unha **rebaixa do 15% no recibo do lixo** do 2026.

Con esta intención, instalará un **peche dixital no contedor de orgánico** para que só aqueles que realizen a selección de residuos adecuada poidan depositar esa fracción nos contedores de Arteixo.

[Máis Info](#)

Vilas en Flor reforza en varios municipios o modelo de municipio verde e sostible

Máis de corenta municipios galegos de menos de 40.000 habitantes participaron no Fórum Carballo na gala anual de **Vilas en Flor Galicia**, un programa que recoñece con **entre 1 e 5 Flores de Honra** a xestión sostible dos espazos verdes, a educación ambiental e a implicación da cidadanía no coidado da contorna.

Na **provincia da Coruña**, seis concellos da área da Coruña e as Mariñas conseguiron integrarse en Vilas en Flor e foron distinguidos novamente polos seus **programas ambientais: Arteixo** alcanzou **3 Flores de Honra**, mentres que Abegondo, Curtis, Oza-Cesuras e Sada foron recoñecidos con **2 Flores de Honra**, e Culleredo recibiu **1 Flor de Honra**.

[Máis Info](#)

AXENDA AMBIENTAL

- Un **libro** ilustrado recupera o espírito dos cadernos de campo de Félix Rodríguez de la Fuente. **Árbores singulares. Caderno de campo das árbores máis fascinantes de España (Anaya Touring)**, un novo libro que convida a mirar a estes seres grandiosos cos ollos do naturalista curioso.

[Máis Info](#)

[Ver Boletíns anteriores](#)